

Un fío vermello para tecer alternativa de país

Ningún camiño no carreiro da política que quere cambiar o mundo é sinxelo. Nin é doado o camiño por andar nin son sinxelos os obstáculos que nel outros interpoñen. Mais, a pesar disto, hai hoxe corenta anos miles de concellos de Galicia e do estado español eran quen de poñer no goberno alternativas políticas audaces saídas da libre concorrencia electoral despois de catro décadas de ausencia de actuacións para o ben común, de dereitos democráticos plenos e de liberdades reais. Existían entón naqueles primeiros gobernos municipais moitas incertezas, pero o que era palpable é que despois de ese proceso electoral de 1979, nin Galicia nin o estado español volverían a ser o mesmo e que o camiño aberto non tiña valos nin tiña fin. O camiño previo: cheo de miseria, bágoas e exilio; o que viña por diante, inhóspito e cunha necesidade de construír sobre unha nada evidente.

Celebramos corenta anos de concellos democráticos, corenta anos, por así dicilo, de apertura de laboratorios de creación permanente, de espazos de interlocución cidadá que nacían cunha vontade transformadora e un obxectivo voluntarista real: construír cidades e pobos democráticos e darlles decisión política real. Un deles, dos centos de laboratorios que entón abriron, foi Mugardos, concello no que celebramos neste 25 de xullo os corenta anos do fío vermello que une a alcaldía comunista de 1936 en mans de Juan Prieto Balsa e a alcaldía do mesmo signo de 1979 na man de Ángel Cortizas.

A medida que o traballo municipal foi configurando alternativas precisas, fíxose patente a lectura da dificultade de artellalas colectivamente sen a existencia dun ente autonómico entre Madrid e a localidade, polo que foi comezando a facerse visible que o municipalismo periférico quedaba illado ou fóra das axendas ministeriais. Era necesario que entre Madrid e entre Mugardos, Cangas, O Grove, ou Córdoba existisen mecanismos de arroupe colectivo e construción administrativa efectivos.

A medida que avanzaba por escenarios de incertezas o municipalismo progresista, e nun marco de intensos debates políticos e administrativos sobre como configurar as nosas institucións post-franquistas, transcorría analogamente a aposta dos comunistas, decidida e expresada na figura de camaradas como Santiago Álvarez, Anxo Guerreiro, Carlos Barros, Manolo Peña-Rey, etc...de configurar un marco de decisión galega que solucionara tanto as cuestións económicas e sociais como as administrativas e as culturais para o que deron en desenvolver unha ampla campaña polo Estatuto e polos dereitos políticos que previsible e supostamente terían desenvolvido un marco democrático pleno en Galicia.

Hoxe, corenta anos despois, vindicamos o traballo extenso e exhausto destes homes e mulleres que afrontaron tanto a configuración dos primeiros concellos democráticos como das primeiras loitas polos dereitos democráticos de Galicia.

Vindicamos o seu traballo en tempos de 'curtoprazismo' político que non olla o camiño e os obstáculos percorridos, que non configura proposta política nin dásolución a uns concellos abandonados no debate territorial e competencial pero que tampouco o fai no desenvolvemento das potencialidades dunha ruptura democrática antes que nun estatuto autonómico baleirado de contido.

Esquerda Unida, que mira ao longo e vén de longo, sigue a considerar os concellos como a primeira fronte de construción de alternativas, como espazos de elaboración política alternativa precisamente porque é a administración que xestiona servizos públicos esenciais. Sen dúbidas seguimos a apostar polo municipalismo como cabeza de praia da ofensiva anticapitalista porque é un laboratorio de construción de ferramentas de co-decisión, de referendo permanente da acción institucional e polo tanto de espazos onde construír a democracia directa.

Pero como vimos de ver no último proceso electoral municipal, gañar os concellos non é gañar o poder político, económico e a veracidade mediática. Fronte aos gobernos e espazos de cambio que construímos en 2015 alzouse unha santa alianza de poderes que non permitiron nin o mínimo respiro nin a mínima concesión, gobernos como Compostela, Ferrol, A Coruña, Mugardos ou Cangas configuráronse como campos de tiro contra os que empregar todo o tipo de munición, tanto convencional como experimental. Erros propios seguro que moitos, pero a metralla que minou o municipalismo do cambio viña de fóra, teñámolo sempre claro.

Por iso, dende Esquerda Unida, queremos que este 25 de xullo, como fixemos no 25 de xullo de 2012, sexa un chamado sincero e construtivo para reformar e emendar no que sexa emendable a unidade de todos os homes e mulleres de esquerda, para apelar ao diálogo construtivo dos proxectos políticos alternativos, da vontade da sociedade organizada para non permitir que os que dinamitaron o municipalismo do cambio tamén pretendan emendar no inicio unha alternativa progresista, sincera e dinámica da sociedade galega no vindeiro proceso electoral galego. Porque vimos de experiencias políticas absolutamente impensables na Galicia dos últimos vinte anos, porque por primeira vez os proxectos municipalistas e a construción da unidade popular progresista fixo acender todas as alarmas das forzas da reacción e dos seus directos e indirectos. Porque o que andamos xa non ten volta atrás e o camiño desdebuxouse a medida que andamos e porque os pasos dados son firmes e necesarios.

Neste 25 de xullo Esquerda Unida chama de novo como canta a Marsellesa *Aux armes, citoyens*, a formar decidida e colectivamente batallóns de homes e mulleres, de proxectos colectivos grandes e pequenos para combater a reacción en marcha, que esgotou munición contra os gobernos do cambio, contra as novas ideas de entender a política e o compromiso e agora aferran, como os vellos defensores da Bastilla, a un réxime que aínda que se esforce no lustre, apodrece.

Mugardos, 25 de xullo de 2019